

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15039 *Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Coa presente lei, a sociedade española, a través dos seus lexítimos representantes no Congreso dos Deputados e no Senado, rende homenaxe ás vítimas do terrorismo e expresa o seu compromiso permanente con todas as persoas que o sufriron ou que o puideren sufrir no futuro, en calquera das súas formas. Esta lei é, por tanto, un signo de recoñecemento e de respecto, pero tamén de solidariedade debida. O apoio integral que persegue representa o esforzo compartido de reparación que as vítimas e as súas familias merecen, inspirado polos principios de memoria, dignidade, xustiza e verdade.

En efecto, memoria, dignidade, xustiza e verdade son as ideas forza que fundamentan o dispositivo normativo recollido nesta lei, procurando, en última instancia, a reparación integral da vítima. De acordo con estes catro principios fundamentais, o Estado reitera o seu compromiso de perseguir a derrota definitiva, incondicional e sen contrapartidas do terrorismo en todas as súas manifestacións.

O valor da memoria significa a garantía última de que a sociedade española e as súas institucións representativas non van esquecer nunca os que perderon a vida, sufriron feridas físicas ou psicolóxicas ou viron sacrificada a súa liberdade como consecuencia do fanatismo terrorista. O Estado salvagarda, así, a lembranza das vítimas do terrorismo con especial atención ao seu significado político, que se concreta na defensa de todo aquilo que o terrorismo tenta eliminar para impor o seu proxecto totalitario e excluínste. A significación política das vítimas exige o seu recoñecemento social e constitúe unha ferramenta esencial para a deslexitimación ética, social e política do terrorismo. A lembranza é, así, un acto de xustiza e, á vez, un instrumento civilizador, de educación en valores e de erradicación definitiva, a través da súa deslexitimación social, do uso da violencia para impor ideas políticas.

As vítimas do terrorismo constitúen, así mesmo, unha referencia ética para o noso sistema democrático. Simbolizan a defensa da liberdade e do Estado de dereito fronte á ameaza terrorista. Os poderes públicos garantirán que as vítimas sexan tratadas con respecto aos seus dereitos e asegurarán a tutela efectiva da súa dignidade. Por isto, esta lei, a través do seu sistema de axudas, prestacións e condecoracións, quere render un especial recoñecemento aos corpos e forzas de seguridade do Estado e ás Forzas Armadas de España pola eficacia sempre demostrada na loita contra a ameaza terrorista e porque, lamentablemente, son as que achegaron o maior número de vítimas mortais e de feridos tanto nos ataques terroristas cometidos en territorio nacional como nos perpetrados polo terrorismo internacional. Esta homenaxe non sería xenuína nin completa se, ao mesmo tempo, non se recoñece o papel que desempeñaron as familias dos membros do Corpo Nacional de Policía, da Garda Civil, do Exército, da Ertzaintza, dos «Mossos d'Esquadra» ou das policía locais, vítimas todos de atentados terroristas. O esforzo, a resistencia, a coraxe e a dignidade demostrada nestes difíciles anos son, sen

dúbida ningunha, un exemplo de civismo e de compromiso coa democracia, a Constitución e os seus valores.

Así mesmo, os colectivos representativos das vítimas do terrorismo no noso país, asociacións, fundacións e movementos cívicos, numerosos e plurais, son, sen dúbida, un esteo fundamental no apoio ás familias que sufriron a gadoupada do terror. Son tamén un instrumento de participación e de canalización das súas demandas e pretensións de visibilidade e vertebración, contribuíndo tamén á deslexitimación social do terrorismo e á difusión dos principios de convivencia democrática no marco do Estado constitucional e de dereito. Esta lei tamén pretende reforzar o seu status e o seu papel na nosa sociedade, recoñecéndoo como interlocutores lexítimos e favorecendo as súas iniciativas e programas de apoio ás vítimas. Neste senso, é incompatible coa participación democrática nos distintos ámbitos de representación o apoio ou a xustificación do terrorismo.

O respecto á xustiza é exigencia básica do Estado de dereito, de acordo coas súas normas e garantías. Os poderes públicos garantirán, neste senso e no ámbito das súas competencias, que non se produzan situacións inxustas ou de desamparo coas vítimas. Concretamente, traballarán para impedir a impunidad dos crimes terroristas en calquera das súas manifestacións e velarán por que os terroristas cumpran integramente as súas penas, de acordo co establecido pola lexislación penal.

Igualmente, os poderes públicos contribuirán ao coñecemento da verdade, atendendo ás causas reais de vitimización e contribuíndo a un relato do que sucedeu que evite equidistancias morais ou políticas, ambigüidades ou neutralidades valorativas, que recolla con absoluta clareza a existencia de vítimas e terroristas, de quen sufriu o dano e de quen o causou e que favoreza un desenlace no cal as vítimas se sintan apoiadas e respectadas, sen que caiba xustificación ningunha do terrorismo e dos terroristas. Neste senso, a presente lei é tamén unha manifestación da condena máis firme da sociedade española do terrorismo practicado na nosa historia, incompatible coa democracia, o pluralismo e os valores máis elementais da civilización. O noso recoñecemento ás súas vítimas mediante esta lei é a mellor forma de denunciar a súa senrazón ao longo de todos estes anos.

O desenvolvemento destes principios na presente lei e nos termos que ela establece debe perseguir a reparación moral, política e xurídica das vítimas, expresión, pola súa vez, da solidariedade debida a elas e ás súas familias, atendendo ao dano sufrido e á súa mellor e máis pronta recuperación.

Porque, cando o terrorismo golpea as sociedades democráticas, causa vítimas para destruír o Estado e as súas institucións, e afecta a convivencia en paz e en liberdade e, neste senso, o terrorismo, máis que outros delitos violentos, supón a cousificación das persoas, ás cales pretende privar da súa humanidade. Cidadáns e representantes políticos, membros dos corpos e forzas da seguridade do Estado e das Forzas Armadas, homes e mulleres, nenos e vellos son utilizados, de forma indiscriminada ou selectiva, como medios para fins ideolóxicos, relixiosos ou identitarios imposibles e indesexables; o uso mesmo da violencia para impor ideas en democracia envelena definitivamente estas e converte medios e fins nun todo incompatible coa liberdade, o pluralismo e a democracia.

Esta lei asume igualmente unha idea relativamente nova, que impregna todo o seu articulado e é que as vítimas do terrorismo son, en efecto, vítimas de violacións de dereitos humanos. Esta tese reforza, sen dúbida, o status normativo da vítima, vinculando os seus dereitos aos valores constitucionais e universais das sociedades abertas e democráticas e sinalando correlativamente obrigas xurídicas vinculantes para o Estado que aseguran a adecuada compensación dos que sufriron o terrorismo.

Este esforzo e compromiso colectivo, plasmado na presente lei, concrétese no recoñecemento e no apoio integral ás vítimas do terrorismo que supón, así mesmo, un aumento, tamén cualitativo, das axudas, prestacións e honras a que aquelas teñen dereito.

A lei inspírase igualmente no principio de igualdade e establece criterios que garantan un trato máis equitativo canto á compensación, evitando en todo caso respostas desiguais ante supostos similares. Ao mesmo tempo, completa a regra xeral da territorialidade para

os efectos do recoñecemento subxectivo da condición de vítima co principio da cidadanía. A incorporación normativa deste principio leva a protexer tamén os españois que sufran atentados terroristas fóra de España e da Unión Europea con independencia de que estes vaian dirixidos ou non contra «intereses españois», sexan realizados por bandas que operen habitualmente en España ou afecten operacións de paz e de seguranza no exterior.

Os principios de respecto, xustiza e solidariedade son os que xustifican que se reunise nun corpo normativo a plural lexislación existente con anterioridade e que se veu aprobando desde as orixes da nosa democracia para dar resposta ás necesidades de vítimas e familiares.

Esta lei integral, articulada baixo o principio de constitución dun corpo legal unitario, regula de maneira unificada as prestacións e axudas económicas directas e todas aquelas que permitan que a incorporación á vida familiar, social ou laboral se realice nas mellores e óptimas condicións posibles, sen prexuízo de que, en determinados aspectos e unha vez formulado o recoñecemento dos dereitos, deba acudir para a súa adecuada execución á súa complementación con outros instrumentos normativos e, especialmente, naqueles supostos en que é necesario contar coas diferentes administracións públicas que exercen competencias sobre materias específicas respecto dos que faleceron e dos seus familiares, dos que sufriron na súa integridade ou en aspectos como os de sanidade, vivenda ou emprego.

A dignidade da sociedade mídese tamén pola dignidade con que ampara e protexe os que foron vítimas das accións do terrorismo. Por isto, constitúe un eixe fundamental da lei a defensa da dignidade e o respecto á memoria dos que física ou psicolóxicamente sufriron os danos directos e das súas familias.

A prohibición de que nos lugares públicos se faga ostentación mediante símbolos, monumentos, escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas ou de exaltación ou enaltecemento individual ou colectivo do terrorismo ou dos terroristas complementábase con outras medidas de respecto que se incorporan en relación co tratamento que os medios de comunicación fagan das imaxes de persoas e familias.

Nesta lei mantivéronse, actualizándoos, todos aqueles aspectos que estiveron presentes na normativa até agora vixente, á vez que se incorporaron novas medidas que responden a propostas postas de manifesto polos colectivos de representación e defensa das vítimas, e á necesidade de dar resposta a novas manifestacións transnacionais do terrorismo ou á participación española en operacións internacionais de paz e seguranza.

Esta concepción integral da atención ás vítimas do terrorismo non sería completa se só se tivese proxectado cara ao futuro. Por isto a lei prevé a súa aplicación retroactiva a todos os actos acaecidos a partir do 1 de xaneiro de 1960 e abre a súa aplicación retroactiva para os que en aplicación da lexislación anterior puidesen recibir en concepto de axudas ou indemnizacións contías inferiores ás que esta lei establece.

II

O título primeiro iníciase definindo o obxecto e finalidade da lei desde a perspectiva da protección integral das vítimas de terrorismo, destacando de maneira expresa a defensa da dignidade das vítimas, incorporando xunto aos destinatarios dela unha nova figura, a dos ameazados e, canto ao ámbito temporal, sinalando que a súa aplicación se estende aos sucesos acaecidos desde o 1 de xaneiro de 1960.

O título segundo incorpora as medidas que, polo seu carácter xeral e inmediato, se deben pór en práctica ante a situación de atentado terrorista. Parte da necesaria colaboración e cooperación de todas as administracións públicas de maneira que os medios de que todas e cada unha delas dispoñen se poñan ao servizo das vítimas e das persoas afectadas de maneira que reciban e dispoñan de atención personalizada para poderen facer efectivos os seus dereitos.

O título terceiro, dedicado aos dereitos e prestacións, iníciase coa enumeración e definición dos distintos destinatarios desta lei ao tempo que se manteñen as previsións xa existentes na normativa anterior sobre o seu réxime xurídico, sistema de compatibilidade

e tratamento fiscal. A seguir incorpóranse as regras relativas aos aboamentos por causa de falecemento, as persoas beneficiarias e a súa orde de prelación. Regúlanse, con remisión expresa aos anexos da lei, as prestacións e axudas polos danos persoais correspondentes. Prevese a necesaria adecuación en relación coas cargas familiares.

É neste título onde se incorpora algunha das principais innovacións desta lei.

En primeiro lugar, procedeuse a unificar nesta lei as prestacións que até o momento actual viñan reguladas de maneira diferenciada nas leis anteriores, á vez que se incrementou o seu importe. Mantense o principio de asunción por parte do Estado do aboamento das indemnizacións fixadas en sentenza firme en concepto de responsabilidade civil e sinálase unha contía específica para os supostos de falecemento, grande invalidez, invalidez nos seus diferentes graos e lesións non invalidantes, de maneira que todas as vítimas teñan garantido un mesmo trato indemnizatorio, evitando con isto posibles diferenzas de trato económico ante situacións iguais, todo isto sen prexuízo de que as vítimas conservan o exercicio de accións civís para poderen reclamar aos responsables dos delitos as diferenzas que poidan derivar no suposto de que as indemnizacións fixadas puideren ser superiores ás asumidas polo Estado.

En segundo lugar, regulouse expresamente o sistema indemnizatorio para os supostos de axudas excepcionais por danos sufridos no estranxeiro, regulación que estaba pendente de desenvolvemento e que constituíra unha das demandas das diferentes asociacións de vítimas. Para configurar estas axudas excepcionais, e en atención á súa natureza, tivéronse en conta os criterios xerais que son de aplicación noutros ámbitos da actividade indemnizatoria da Administración. Así, fíxose a contía do cincuenta por cento para os que teñan a súa residencia habitual no país en que se produzan os danos, e un corenta por cento para os que non teñan a súa residencia habitual no país en que se produza a acción terrorista.

A seguir incorporáronse os diferentes artigos en que se configuran as diferentes indemnizacións por danos de carácter material, danos sufridos en vivendas e vehículos, en establecementos mercantís e industriais e en sedes de organizacións e partidos políticos.

Respecto do procedemento de solicitude e tramitación das axudas e indemnizacións, mantense a competencia no Ministerio do Interior e adóptanse algunhas medidas para simplificar a tramitación e garantir a participación e presenza deste ministerio noutros órganos que poidan intervir e, en particular, sempre que así o autoricen os interesados, para poder obter información dos tribunais sobre documentos, informes e outros datos que estean no seu poder e que poidan resultar de interese para resolver os expedientes.

No título cuarto configúrase xa de maneira integral todo o conxunto de medidas que, baixo a denominación de «réxime de protección social», teñen como finalidade atender as necesidades de todo tipo que ao longo da vida se xeran para os que se viron afectados pola acción terrorista.

Respecto das necesidades de atención sanitaria, incorpórase a previsión de formación especializada dos profesionais sanitarios para abordar a atención e tratamento das vítimas. Nos plans nacionais de saúde incorporárase un plan de atención integrada e integral para a atención destas persoas e o Sistema Nacional de Saúde deberá prever no réxime específico a que se refiren os números anteriores a prestación de atención psicolóxica, psicopedagóxica e, se for o caso, psiquiátrica, ás persoas comprendidas no ámbito de aplicación da lei.

De maneira complementaria e adicional regúlanse as axudas para financiar tratamentos médicos, próteses e intervencións cirúrxicas e gastos médicos nas contías que poidan non estar cubertas polos respectivos sistemas de previsión a que as vítimas estean acollidas.

Para atender as necesidades que se producen como consecuencia dos efectos que as accións terroristas producen na vida, garántese a posibilidade de mobilidade xeográfica e funcional, a reordenación dos tempos de traballo e establécese a obrigatoriedade de que os plans de políticas activas de emprego inclúan un punto dirixido ás vítimas en condicións adecuadas ás súas necesidades físicas ou psíquicas.

Estas medidas permitirán aos que sufriron a acción terrorista non só poderen continuar coas súas actividades profesionais, senón tamén adquiriren novas formacións para incorporarse en condicións de calidade á vida laboral.

Prevese a posibilidade de que o Ministerio do Interior, e atendendo a situacións de especial necesidade persoal ou familiar, poida outorgar axudas extraordinarias. Ben que a lei no seu conxunto ofrece todo un sistema de garantía de apoio e axuda, considerouse necesario dotar a Administración dun instrumento complementario para poder atender os que se poidan encontrar nestas situacións especiais.

Incorpóranse previsións relativas á posibilidade de exercer dereito de preferencia de acceso a vivenda tanto en réxime de adquisición como de aluguer para os que poidan necesitar, como resultado ou secuelas da acción terrorista, cambiar de vivenda ou de lugar de residencia.

No ámbito educativo regúlanse as exencións de taxas académicas, sistemas de bolsas e apoio dentro do sistema educativo, xunto á adaptación dos sistemas de ensino.

Complétase coa previsión de que aos estranxeiros que en España sexan vítimas de terrorismo se lles teña en conta esta condición para a concesión de nacionalidade por carta de natureza.

O capítulo sétimo deste título cuarto é reflexo da importancia que a defensa e protección da dignidade das persoas vítimas de terrorismo ten para a sociedade no seu conxunto. A protección da súa intimidade, a declaración de ilicitude daquela publicidade que pretenda dar un trato despectivo ou vexatorio ás vítimas ou familiares, a necesidade de que os medios de comunicación eviten todo uso desproporcionado ou inadecuado das imaxes persoais daqueles e a realización por parte das administracións públicas de campañas e actividades de formación e sensibilización dos profesionais da información, darán como resultado que a dignidade das vítimas sexa respectada en todo momento.

O título quinto está destinado na súa totalidade a protexer as vítimas e as súas familias no ámbito procesual. Xunto coas axudas para unha asistencia xurídica especializada, conságrase o denominado principio de mínima lesividade no desenvolvemento do proceso penal, de maneira que non se vexan obrigadas a manter contacto directo visual cos imputados ou acusados e que eviten as manifestacións, signos ou declaracións que poidan denigralas ou ofendelas, para previr unha vitimización secundaria.

En todo caso, os xuíces e tribunais velarán e protexerán a dignidade e a seguranza persoal das vítimas na tramitación do proceso, evitando a utilización de signos e inscricións que poidan ofendelas ou denigralas.

Dentro destas medidas prevese a implementación e consolidación dunha oficina de apoio ás vítimas na Audiencia Nacional e de oficinas específicas para a atención personalizada atendidas por persoal especializado.

A defensa da dignidade das persoas vítimas de accións terroristas complementábase no título sexto co necesario recoñecemento público e social a través do sistema de condecoracións e honras públicas, a Real Orde de Recoñecemento das Vítimas do Terrorismo que se outorga, co grao de Gran Cruz, a título póstumo, aos falecidos en actos terroristas, e, co grao de Encomenda, aos feridos e secuestrados en actos terroristas.

Ademais, establécese que os poderes públicos impulsarán medidas activas para aseguraren, dentro do máximo respecto e dignificación das vítimas, e mediante actos, símbolos, monumentos ou elementos análogos, a lembranza e o recoñecemento das vítimas do terrorismo e que velarán por destacar a presenza protocolaria e o recoñecemento social das vítimas do terrorismo en todos os actos institucionais que as afecten.

O contido do título sétimo responde á necesidade de protexer a dignidade pública das vítimas. O Estado asume esta protección e declárase expresamente a prohibición de exhibir publicamente monumentos, escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas ou de exaltación ou enaltecemento individual ou colectivo do terrorismo ou dos terroristas. Para isto as administracións públicas deberán adoptar as medidas para impedir ou para deter estas situacións.

O Ministerio do Interior asume a obriga de manter as adecuadas vías de información, apoio e participación, así como a elaboración de informes e a presentación de iniciativas e propostas normativas que resulten necesarias, á vista da experiencia e das necesidades que se vaian pondo de manifesto, para manter debidamente actualizadas as necesidades de apoio e protección ás persoas vítimas do terrorismo.

O esencial labor desenvolvido polas asociacións e organizacións de vítimas xustifica que, dentro deste título, se dedique un capítulo especial ao fomento do movemento asociativo.

Ademais de formular unha declaración expresa ao recoñecemento público e social do seu labor, recóllese a actividade subvencional destinada ás asociacións cuxo obxecto sexa a representación e defensa das vítimas.

En cumprimento deses principios e de configurar un marco legislativo que dea resposta á necesidade de protección integral para as vítimas do terrorismo, non só se estableceron previsións para o futuro. Por isto a lei, na súa disposición adicional primeira, aborda a aplicación retroactiva para os que ao longo do tempo poidan ter recibido indemnizacións ou compensacións económicas inferiores ás establecidas no anexo I da norma.

Nas disposicións adicionais complementábase as previsións substantivas incorporadas no texto coa creación no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde dunha Comisión de Análise do tratamento das vítimas do terrorismo, a incorporación dentro do Plan de Emprego do Reino de España dun plan propio para os que, sendo vítimas do terrorismo, se encontren inscritos como demandantes de emprego, a adopción de medidas sobre o acceso das vítimas ao emprego público, e a actualización das indemnizacións por danos.

Título primeiro. Disposicións xerais.

Título segundo. Actuacións inmediatas despois dun atentado terrorista para a protección das vítimas.

Título terceiro. Dos dereitos e prestacións derivados de actos de terrorismo.

Capítulo primeiro. Disposicións xerais.

Capítulo segundo. Aboamento de danos.

Sección primeira. Danos persoais.

Sección segunda. Danos materiais.

Capítulo terceiro. Procedemento e competencia.

Título cuarto. Réxime de protección social.

Capítulo primeiro. Asistencia sanitaria.

Capítulo segundo. Dereitos laborais e de Seguridade Social.

Capítulo terceiro. Axudas extraordinarias ás vítimas do terrorismo.

Capítulo cuarto. Actuacións en materia de vivenda.

Capítulo quinto. Axudas educativas.

Capítulo sexto. Dereitos específicos dos estranxeiros vítimas do terrorismo.

Capítulo sétimo. Dereitos dos afectados no tratamento das informacións correspondentes ás vítimas do terrorismo.

Título quinto. Protección das vítimas nos procesos xudiciais.

Capítulo único. Principios reitores e dereitos procesuais da vítima de terrorismo ante os tribunais españois.

Título sexto. Recoñecementos e condecoracións.

Título sétimo. Tutela institucional e apoio ás vítimas do terrorismo.

Capítulo primeiro. Tutela institucional.

Capítulo segundo. Fomento do movemento asociativo e fundacional.

Anexo I. Indemnizacións por danos físicos e psicofísicos. Baremos.

Disposicións adicionais.

Disposición adicional primeira. Aplicación retroactiva aos que xa obtivesen axudas e indemnizacións.

Disposición adicional segunda. Comisión de Análise do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Disposición adicional terceira. Plan de Emprego.

Disposición adicional cuarta. Medidas de emprego público.

Disposición adicional quinta. Competencias autonómicas.

Disposición adicional sexta. Carta Europea de Dereitos das Vítimas do Terrorismo.

Disposición adicional sétima. Actualización das indemnizacións por danos físicos e psicofísicos.

Disposición derogatoria única.

Disposicións derradeiras.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira segunda. Consideración das asociacións de vítimas como asociacións de utilidade pública.

Disposición derradeira terceira. Consignación económico-orzamentaria da lei.

Disposición derradeira cuarta. Normas supletorias.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

TÍTULO PRIMEIRO

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente lei ten por obxecto o recoñecemento das vítimas do terrorismo e o establecemento dun marco de indemnizacións, axudas, prestacións, garantías e condecoracións coa finalidade de recoñecer e atenuar, na medida do posible, as consecuencias da acción terrorista nas vítimas e nas súas familias ou nas persoas que sufrisen danos como consecuencia da acción terrorista.

Artigo 2. *Valores e finalidade.*

1. Esta lei fundaméntase nos valores de memoria, dignidade, xustiza e verdade: memoria que salvagarde e manteña vivo o seu recoñecemento social e político; dignidade que simbolice nas vítimas a defensa do Estado democrático de dereito fronte á ameaza terrorista; xustiza para resarcir as vítimas, evitar situacións de desamparo e condenar os terroristas, e verdade ao pór de manifesto a violación dos dereitos humanos que supoñen as accións terroristas.

2. Para o cumprimento destes valores, a lei articula un conxunto integral de medidas que corresponde impulsar e implantar á Administración xeral do Estado e ás administracións públicas competentes, encamiñadas a conseguir os seguintes fins:

- a) Recoñecer e promover a dignidade e a memoria das vítimas do terrorismo e asegurar a reparación efectiva e a xustiza para con elas.
- b) Dotar dunha protección integral as vítimas do terrorismo.
- c) Resarcir as vítimas, mediante as indemnizacións e axudas previstas na lei, dos danos persoais e materiais sufridos como consecuencia da acción terrorista.
- d) Fortalecer as medidas de atención ás vítimas do terrorismo, dotando os poderes públicos de instrumentos eficaces no ámbito da protección social, os servizos sociais e sanitarios.

e) Recoñecer os dereitos das vítimas do terrorismo, exixibles ante as administracións públicas, e así asegurar un acceso rápido, transparente e eficaz aos servizos establecidos para o efecto.

f) Establecer mecanismos de flexibilización e coordinación no conxunto de trámites administrativos que son precisos para obter as indemnizacións, axudas e prestacións previstas na lei.

g) Establecer un marco específico no tratamento procesual das vítimas, especialmente nos procesos en que sexan partes. Promover a colaboración e participación das entidades, asociacións e organizacións que desde a sociedade civil actúan contra o terrorismo.

h) Recoñecer e apoiar as persoas obxecto de ameazas e coaccións dos grupos terroristas e da súa contorna.

Artigo 3. *Destinatarios.*

A presente lei será de aplicación aos que sufran a acción terrorista, definida esta como a levada a cabo por persoas integradas en organizacións ou grupos criminais que teñan por finalidade ou por obxecto subverter a orde constitucional ou alterar gravemente a paz pública.

Será aplicable igualmente ás vítimas dos actos dirixidos a alcanzar os fins sinalados no parágrafo precedente aínda cando os seus responsables non sexan persoas integradas nesas organizacións ou grupos criminais.

Artigo 4. *Titulares dos dereitos e prestacións.*

Considerarase titulares dos dereitos e prestacións regulados na presente lei:

1. As persoas falecidas ou que sufriron danos físicos e/ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e que, para os efectos da lei, son consideradas como vítimas do terrorismo.

2. As persoas que, no suposto de falecemento da vítima a que se refire o número anterior, e nos termos e coa orde de preferencia establecida no artigo 17 desta lei, poidan ser titulares das axudas ou dos dereitos por razón do parentesco, ou a convivencia ou relación de dependencia coa persoa falecida.

3. As persoas que sufran danos materiais, cando, conforme este artigo, non teñan a consideración de vítima de actos de terrorismo ou de titular de axudas, prestacións ou indemnizacións.

4. Os termos do recoñecemento da consideración de vítima ou destinatario das axudas, prestacións e indemnizacións serán os que estableza para cada unha das situacións esta lei e as súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

5. No suposto de falecemento, serán considerados como vítimas do terrorismo, exclusivamente para efectos honoríficos, de respecto, dignidade e defensa pública destes valores, o cónxuxe do falecido ou persoa ligada a el por análoga relación de afectividade, os pais e os fillos, avós e irmáns, todo isto sen prexuízo dos dereitos, prestacións, indemnizacións e demais axudas que lles outorga a presente lei.

6. Os familiares dos falecidos até o segundo grao de consanguinidade, e as persoas que, tendo sido obxecto de atentados terroristas, resultasen ilesas, para efectos honoríficos e de condecoracións, sen dereito a compensación económica ningunha.

Artigo 5. *Dos ameazados.*

As persoas que demostren sufrir situacións de ameazas ou coaccións directas e reiteradas, procedentes de organizacións terroristas, serán obxecto de especial atención, no marco das súas competencias, por parte das administracións públicas.

Artigo 6. *Ámbito de aplicación territorial.*

1. O réxime das axudas, prestacións e indemnizacións aplicarase cando os feitos se cometan en territorio español ou baixo a xurisdición española.

2. Así mesmo, será aplicable:

a) Ás persoas de nacionalidade española que sexan vítimas no estranxeiro de grupos que operen habitualmente en España ou de accións terroristas dirixidas a atacar contra o Estado español ou os intereses españois.

b) Aos participantes en operacións de paz e seguranza que formen parte dos continxentes de España no exterior e sexan obxecto dun atentado terrorista.

3. Os españois vítimas de accións terroristas cometidas fóra do territorio nacional, non comprendidos nos números precedentes, terán dereito a percibir exclusivamente a axuda fixada no artigo 22 desta lei.

Artigo 7. *Ámbito de aplicación temporal.*

As disposicións da presente lei serán de aplicación aos feitos que se cometesen desde o 1 de xaneiro de 1960.

TÍTULO SEGUNDO

Actuacións inmediatas despois dun atentado terrorista para a protección das vítimas

Artigo 8. *Información xeral.*

1. As administracións públicas competentes establecerán protocolos xerais de actuación para situacións derivadas dun atentado terrorista, coa finalidade de prever as accións inmediatas que se vaian executar e os servizos ou organismos chamados a intervir nestes casos. A Administración xeral do Estado establecerá os criterios para a elaboración dos citados protocolos.

2. Para conseguir a máxima eficacia na execución dos protocolos, as administracións públicas establecerán mecanismos específicos de coordinación e cooperación que comprenderán a creación de unidades ou postos de mando integrados polos responsables dos distintos servizos ou intervinientes.

3. Corresponde ao Ministerio do Interior, a través dos delegados do Goberno nas comunidades autónomas, e da dirección xeral responsable da asistencia ás vítimas do terrorismo, impulsar e coordinar a elaboración, execución e difusión dos protocolos.

Artigo 9. *Asistencia psicolóxica e psiquiátrica inmediata.*

1. As persoas afectadas por un atentado terrorista recibirán, con carácter inmediato e gratuíto, a asistencia psicolóxica e psiquiátrica necesaria para cubrir as súas necesidades de atención, durante todo o tempo que o precisen de acordo cos criterios médicos e buscando, en todo caso, a súa mellor e máis pronta recuperación.

2. Para tales efectos, a Administración xeral do Estado poderá establecer os oportunos concertos con outras administracións públicas ou con entidades privadas para articular un sistema inmediato, coordinado e suficientemente organizado capaz de paliar, no plano individual, os efectos dun atentado terrorista.

Artigo 10. *Asistencia sanitaria de urxencia.*

1. A asistencia sanitaria de urxencia será prestada polos órganos e entidades que compoñen o Sistema Nacional de Saúde nas condicións que establezan as súas normas de funcionamento.

2. As autoridades sanitarias e o persoal de dirección dos establecementos sanitarios adoptarán procedementos específicos dirixidos a localizar os familiares das vítimas e

informalos sobre o estado destas. O Ministerio do Interior será o habilitado para obter das citadas autoridades e centros sanitarios tanta información precise para a debida prestación dos servizos de atención ás vítimas do terrorismo e aos seus familiares.

3. A asistencia a que se refire este artigo incluírá, no réxime que regulamentariamente se determine, a asistencia psicolóxica e psiquiátrica que sexa necesaria até que se adquira este dereito de conformidade co que se indica nos artigos seguintes.

Artigo 11. *Información específica sobre axudas, indemnizacións e demais prestacións.*

1. As administracións públicas competentes establecerán, de forma coordinada, nos seus respectivos ámbitos e competencias, os mecanismos de información que permitan coñecer os procedementos para obter as axudas, indemnizacións e prestacións que correspondan.

2. Esta información será personalizada e adaptada ás características e ás situacións que padecen as persoas afectadas por un atentado terrorista, e estará orientada ao recoñecemento do réxime previsto nesta lei e ao conxunto de prestacións que se conteñen no Sistema Nacional de Saúde.

3. Articularanse os medios necesarios para que as vítimas do terrorismo que, polas súas circunstancias persoais e sociais, poidan ter unha maior dificultade para acceder integramente á información, teñan asegurado o exercicio efectivo deste dereito. Para tal efecto, garantirase que as persoas a que a presente lei é de aplicación, e que se encontren nunha situación de discapacidade, ou descoñezan o idioma, poidan obter, de forma intelixible, información sobre os seus dereitos e sobre os recursos existentes para cubrir as súas necesidades.

Artigo 12. *Gastos de honras fúnebres e inhumación.*

A Administración xeral do Estado, nos termos que regulamentariamente se establezan, asumirá os gastos de traslado, honras fúnebres e inhumación e/ou incineración das persoas que resulten falecidas como consecuencia dun atentado terrorista.

Artigo 13. *Asistencia consular e diplomática.*

A Administración xeral do Estado no exterior establecerá instrumentos de atención específica ás vítimas españolas mediante asistencia consular e diplomática efectiva nas situacións de atentado terrorista no estranxeiro.

TÍTULO TERCEIRO

Dos dereitos e prestacións derivados de actos de terrorismo

CAPÍTULO PRIMEIRO

Disposicións xerais

Artigo 14. *Delimitación dos dereitos e prestacións.*

1. As persoas comprendidas no artigo 4, número 1, terán os dereitos e as prestacións establecidas nesta lei polos danos persoais que lles causasen as accións terroristas. Se como consecuencia da actividade delituosa a vítima falecese, os titulares serán as persoas que se indican no artigo 4, número 2, da lei.

2. As persoas comprendidas no artigo 4, números 1 e 2, terán, así mesmo, dereito a que o Estado lles aboe a cantidade imposta aos condenados en concepto de responsabilidade civil en virtude de sentenza firme por terrorismo, nos termos previstos nesta lei.

3. As persoas comprendidas no artigo 4, números 1 e 2, terán dereito a obter as prestacións dos réximes públicos de protección social co alcance e réxime específico establecidos na presente lei.

4. As persoas comprendidas no artigo 4, número 3, terán dereito a percibir as indemnizacións por danos materiais previstas nesta lei.

5. As pensións extraordinarias derivadas de actos terroristas rexeranse polas disposicións específicas do sistema da Seguridade Social ou do réxime de clases pasivas do Estado que corresponda.

Artigo 15. *Réxime xurídico das axudas.*

1. As axudas e indemnizacións establecidas nesta lei son compatibles coas pensións, axudas e compensacións que se poidan recoñecer nela ou en calquera outra que puideren ditar as comunidades autónomas.

2. Así mesmo, son compatibles coa exixencia de responsabilidade patrimonial ao Estado polo normal ou anormal funcionamento da Administración, ben que aquelas se imputarán á indemnización que se puider recoñecer por este concepto, detraéndose dela.

Artigo 16. *Exencións tributarias.*

As cantidades percibidas como consecuencia das indemnizacións, resarcimentos ou axudas de carácter económico a que se refire a presente lei estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas e de calquera imposto persoal que puider recaer sobre elas.

CAPÍTULO SEGUNDO

Aboamento de danos

Sección 1.^a Danos persoais

Artigo 17. *Resarcimento por falecemento.*

1. No caso de falecemento aboaranse as cantidades dispostas no anexo I.

2. Os titulares deste dereito, de conformidade co artigo 4, número 2, serán, por orde de preferencia, as seguintes persoas:

a) O cónxuxe da persoa falecida, se non estiveren legalmente separados, ou a persoa que conviviu con ela de forma permanente con análoga relación de afectividade ao menos nos dous anos inmediatamente anteriores ao momento do falecemento, salvo que tivesen descendencia en común, e neste caso bastará a mera convivencia; e os fillos da persoa falecida.

b) En caso de inexistencia dos anteriores, serán destinatarios, por orde sucesiva e excluínte, os pais, os netos, os irmáns e os avós da persoa falecida.

c) Na falta dos anteriores, os fillos da persoa convivente e os menores en acollemento familiar permanente da persoa falecida, cando dependeren economicamente dela.

3. No caso da concorrencia prevista na alínea a), a axuda repartirase por metades, correspondendo unha ao cónxuxe ou convivente e a outra aos fillos, e distribuíndose esta última entre eles por partes iguais.

4. Nos supostos de concorrencia de persoas co mesmo parentesco, a contía total repartirase entre elas por partes iguais.

Artigo 18. *Resarcimento por danos persoais.*

As vítimas do terrorismo que como consecuencia do delito sufran danos persoais terán dereito ás indemnizacións fixadas nas táboas I, II e III do anexo desta lei para os distintos graos de incapacidade, lesións non invalidantes e secuestro.

Artigo 19. *Adecuación en función das cargas familiares.*

As persoas a que se refire o artigo 17 e as vítimas afectadas cun grao de incapacidade permanente terán dereito a que a axuda que perciban sexa incrementada nunha cantidade fixa de vinte mensualidades do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) que corresponda, en razón de cada un dos fillos, ou menores acollidos que dependesen economicamente da vítima.

Artigo 20. *Aboamento polo Estado da responsabilidade civil fixada en sentenza. Carácter extraordinario do aboamento.*

1. O Estado asumirá con carácter extraordinario o aboamento das indemnizacións correspondentes, impostas en sentenza firme en concepto de responsabilidade civil, pola comisión dalgún dos delitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei.

2. As indemnizacións estenderanse unicamente aos danos físicos ou psíquicos.

3. A indemnización aboarase ás vítimas de terrorismo ou ás persoas indicadas no artigo 17 e, na falta delas, aos seus herdeiros ou aos que se fixen como destinatarios na resolución xudicial que se adopte.

4. A cantidade total que aboará o Estado, en concepto de responsabilidade civil fixada en sentenza, non poderá exceder as seguintes contías:

- Falecemento: 500.000 euros.
- Grande invalidez: 750.000 euros.
- Incapacidade permanente absoluta: 300.000 euros.
- Incapacidade permanente total: 200.000 euros.
- Incapacidade permanente parcial: 125.000 euros.
- Lesións non invalidantes: 100.000 euros.

5. Cando as persoas a que se refire o número 3 percibisen a axuda por danos persoais, conforme o previsto no artigo 17 desta lei, a contía do aboamento extraordinario por parte do Estado estenderase unicamente á diferenza existente entre a cantidade fixada como responsabilidade civil en sentenza firme, cos límites do número anterior, e a cantidade percibida como axuda polos danos persoais.

6. No suposto de que a contía da indemnización fixada en sentenza firme sexa igual ou inferior á percibida como axuda por danos persoais, a Administración non desenvolverá ningunha actividade.

7. En ningún caso o aboamento previsto neste artigo supón a asunción de responsabilidade civil subsidiaria por parte do Estado nos procesos penais.

Artigo 21. *Subrogación do Estado nas accións de responsabilidade civil.*

1. O Estado subrogarase nas accións que os perceptores das indemnizacións e prestacións recibidas en aplicación desta lei poidan exercer contra os responsables dos actos de terrorismo até o límite da indemnización satisfeita polo Estado. Para estes efectos deberán, con carácter previo á percepción das axudas e prestacións, transmitir ao Estado as accións civís correspondentes.

2. Os destinatarios das indemnizacións e prestacións por terrorismo aos cales a sentenza xudicial recoñecese dereitos de resarcimento por un importe superior ao recibido do Estado en aplicación desta lei conservarán a acción civil para reclamaren a diferenza aos responsables da acción delituosa causante dos danos.

Artigo 22. Axudas excepcionais por danos sufridos no estranxeiro.

1. Os españois vítimas de accións terroristas cometidas fóra do territorio nacional a que se refire o artigo 6.3 terán dereito a percibir exclusivamente unha axuda económica, nos termos que a seguir se establecen:

Se o español tiver a súa residencia habitual no país en que se produza a acción terrorista, percibirá o 50% das cantidades fixadas na táboa I do anexo.

Se o español non tiver a súa residencia habitual no país en que se produza a acción terrorista, percibirá o 40% das cantidades fixadas na táboa I do anexo.

2. A axuda económica terá carácter subsidiario das compensacións que poidan ser recoñecidas á vítima polo Estado onde se producise o atentado. Se a indemnización que se percibe no exterior for inferior á establecida en España, o Estado español aboará a diferenza.

3. En caso de concorrencia de axudas ou compensacións, o Estado poderá aboar inicialmente o importe total calculado conforme o número 1 deste artigo, en calidade de pagamento á conta da liquidación final correspondente. Nesta consideraranse os ingresos percibidos pola vítima no estranxeiro e sinalarase, se for o caso, a obriga de reintegro ao Estado da cantidade que proceda.

4. O recoñecemento desta axuda non producirá efectos noutras lexislacións específicas.

Sección 2.^a Danos materiais

Artigo 23. Alcance da indemnización por danos materiais.

1. Os danos materiais causados como consecuencia ou con ocasión dos delitos de terrorismo aos que non foren responsables deles, serán resarcibles pola Administración xeral do Estado nos termos previstos no presente artigo e nos artigos seguintes.

2. A indemnización comprenderá os danos causados na vivenda das persoas físicas, en establecementos mercantís, industriais ou elementos produtivos das empresas, nas sedes de partidos políticos, sindicatos ou organizacións sociais e os producidos en vehículos.

A Administración xeral do Estado poderá encargar a reparación dos inmobles referidos no número anterior a empresas construtoras, aboando directamente a estas o seu importe.

Os contratos administrativos a que dean lugar as obras de reparación tramitaranse polo procedemento de emerxencia previsto na lexislación de contratos das administracións públicas.

Sen prexuízo disto, a Administración xeral do Estado poderá celebrar convenios con outras administracións públicas, co obxecto de que estas asuman a execución das obras de reparación, aboando aquela o seu importe.

Os damnificados que se beneficiasen de obras de reparación realizadas pola Administración xeral do Estado decaerán no seu dereito a reclamar ao Consorcio de Compensación de Seguros as indemnizacións correspondentes aos danos reparados nos bens asegurados, as cales serán percibidas pola empresa executora das obras, ou pola Administración actuante mediante convenio, conforme as peritacións oficiais do Consorcio.

3. Os resarcimentos por danos materiais terán carácter subsidiario respecto dos recoñecidos polas administracións públicas ou derivados de contratos de seguro, reducíndose na cantidade recibida por estes conceptos.

4. Non serán resarcibles os danos causados en bens de titularidade pública.

Artigo 24. Danos nas vivendas.

1. Nas vivendas habituais das persoas físicas serán indemnizables os danos sufridos na estrutura, instalacións e mobiliario que resulte necesario repor para recuperar as condicións anteriores de habitabilidade, excluindo os elementos suntuarios. Nas vivendas que non teñan o carácter de residencia habitual, o resarcimento comprenderá o cincuenta por cento dos danos, co límite por vivenda que se determine regulamentariamente.

2. A Administración xeral do Estado poderá contribuír a sufragar os gastos que orixine o aloxamento provisorio daquelas persoas que, como consecuencia dun atentado terrorista, teñan que abandonar temporalmente a súa vivenda e en canto se efectúan as obras de reparación. Para estes efectos, poderá celebrar convenios ou acordos con outras administracións públicas ou con organizacións especializadas no auxilio ou asistencia a damnificados en situacións de sinistro ou catástrofe.

Artigo 25. Danos en establecementos mercantís ou industriais.

1. No caso de establecementos mercantís ou industriais, o resarcimento comprenderá o valor das reparacións necesarias para pór novamente en funcionamento eses establecementos, incluíndo o mobiliario e equipamentoo sinistrado, co límite de indemnización que se fixe regulamentariamente.

2. Con independencia disto, a Administración xeral do Estado poderá acordar, en supostos excepcionais e, en particular, cando como consecuencia do acto terrorista quedar interrompida a actividade dunha empresa, con risco de perda dos seus postos de traballo, que se subsidie a concesión de préstamos destinados a retomar esa actividade.

3. O subsidio consistirá no aboamento á entidade de crédito prestamista da diferenza existente entre os pagamentos de amortización de capital e xuros ao tipo de xuro fixado pola entidade prestamista, e os que corresponderían ao tipo de xuro subsidiado, que se determinará nas normas de desenvolvemento.

4. Tamén poderá celebrar a Administración xeral do Estado convenios con entidades de crédito co obxecto de estas estableceren modalidades de créditos a xuro baixo, coa finalidade indicada no parágrafo precedente.

Artigo 26. Danos en sedes de partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais.

1. No caso de sedes de partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais, o resarcimento comprenderá o valor das reparacións necesarias para recuperar as súas condicións anteriores de funcionamento, incluíndo o mobiliario e o equipamento sinistrado.

2. Entenderanse comprendidos como danos indemnizables desta natureza os producidos por actos terroristas nas sedes ou lugares de culto pertencentes a confesións relixiosas inscritas.

Artigo 27. Danos en vehículos.

1. Serán resarcibles os danos causados en vehículos particulares, así como os sufridos polos destinados ao transporte terrestre de persoas ou mercadorías, salvo os de titularidade pública. Para que proceda a indemnización, será requisito indispensable dispor no momento do sinistro de póliza vixente do seguro obrigatorio do vehículo, sempre que, de acordo coa normativa específica, sexa exixible tal seguro.

2. O resarcimento comprenderá o importe dos gastos necesarios para a súa reparación. En caso de destrución do vehículo, ou cando a reparación resulte superior ao seu valor venal, a indemnización será equivalente ao importe de adquisición no mercado dun vehículo de similares características técnicas e condicións de uso ao sinistrado, co límite máximo que se estableza regulamentariamente.

3. O resarcimento terá carácter subsidiario respecto de calquera outro recoñecido polas administracións públicas ou derivado de contratos de seguro, reducíndose en contía igual ao valor deses resarcimentos ou indemnizacións, se estes concorreren.

CAPÍTULO III

Procedemento e competencia

Artigo 28. *Procedemento para a indemnización por danos corporais ou materiais.*

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á indemnización polos danos a que se refire este título será tramitado e resolto polo Ministerio do Interior.

As solicitudes dos interesados débense cursar no prazo máximo dun ano desde que se produciron os danos. Para efectos de prazos, compútase o dano corporal na data de alta ou consolidación de secuelas, conforme acredite o Sistema Nacional de Saúde. Nos supostos en que, como consecuencia directa das lesións, se producir o falecemento, abrírase un novo prazo de igual duración para solicitar o resarcimento ou, se for o caso, a diferenza que proceda entre a contía satisfeita por tales lesións e a que corresponder por falecemento. De igual modo se procederá cando, como consecuencia directa das lesións, se producir unha situación de maior gravidade a que corresponda unha cantidade superior.

Nos casos de danos psicolóxicos, o prazo dun ano comezará a contar desde o momento en que exista un diagnóstico acreditativo da causalidade da secuela.

2. Para a cualificación das lesións para efectos indemnizatorios será preceptivo o ditame emitido por un equipo de valoración de incapacidades cuxa composición se determinará regulamentariamente segundo o sistema sanitario do solicitante da indemnización. Neses equipos integrarase, en todo caso, un representante do Ministerio do Interior vinculado coa atención ás vítimas do terrorismo.

A cualificación das lesións permanentes non invalidantes poderá ser efectuada, se for o caso, pola asesoría médica adscrita á unidade administrativa instrutora dos resarcimentos.

3. A taxación pericial dos danos materiais será realizada polos servizos competentes do Consorcio de Compensación de Seguros, ao cal se reintegrará o importe dos custos producidos na taxación dos bens non cubertos por contratos de seguros.

4. As avaliacións médicas das lesións e as taxacións periciais dos danos materiais, cando resulten determinantes para adoptar a resolución, suspenderán o procedemento até a súa incorporación ao expediente indemnizatorio.

O Ministerio do Interior poderá, no exercicio das competencias derivadas deste artigo, obter os datos sobre os procedementos de recoñecemento de pensións extraordinarias por terrorismo relacionados cos solicitantes, que consten nos ficheiros do Instituto Nacional da Seguridade Social e a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas.

5. As resolucións ditadas nos mencionados procedementos porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición ou ben ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

6. O prazo máximo para a resolución do procedemento é de 12 meses, entendéndose acollida a petición caso de ter transcorrido o citado prazo sen se ter ditado resolución expresa.

Artigo 29. *Unificación dos órganos de instrución.*

1. No Ministerio do Interior existirá un único órgano administrativo a que corresponderá a instrución de todos os expedientes a que se refiren os artigos anteriores.

2. Os documentos de avaliación de lesións que poida realizar calquera órgano da Administración xeral do Estado vincularán, no que a esa cualificación se refire, calquera outro que, conforme esta lei, veña obrigado a efectuar a dita avaliación para o recoñecemento dunha axuda ou prestación, e dispensan os interesados da obriga de se someteren a novos recoñecementos médicos para demostraren tal avaliación.

3. O citado órgano operará, ademais, como portelo único de calquera outro procedemento que puideren iniciar os interesados ante a Administración xeral do Estado asumindo a remisión ao órgano competente das peticións deducidas e a relación co interesado.

Artigo 30. *Relación cos tribunais.*

Para os efectos da tramitación dos procedementos descritos nos artigos anteriores e coa finalidade de comprobar as situacións e circunstancias que son precisas para a instrución deles e de evitar molestias e trámites aos interesados, o Ministerio do Interior poderá obter directamente dos órganos xurisdiccionais os antecedentes, datos ou informes que resulten necesarios para a tramitación dos expedientes cando os interesados autoricen tal petición no curso dos expedientes en que son parte.

TÍTULO CUARTO

Réxime de protección social

CAPÍTULO PRIMEIRO

Asistencia sanitaria

Artigo 31. *Sensibilización e tratamento específico das vítimas do terrorismo.*

1. As administracións sanitarias, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, promoverán e impulsarán a actuación dos profesionais sanitarios para a atención específica das vítimas do terrorismo, e proporán as medidas que consideren necesarias a fin de optimizar a contribución do sector sanitario na atención delas.

2. En particular, desenvolveranse programas de sensibilización e formación continuada do persoal sanitario co fin de mellorar e impulsar o diagnóstico, a asistencia coordinada e a rehabilitación das vítimas do terrorismo.

3. Nos plans nacionais de saúde que procedan, incluírase unha epígrafe de intervención integral e coordinada nos supostos das vítimas do terrorismo.

4. O Sistema Nacional de Saúde deberá prever no réxime específico a que se refiren os números anteriores a prestación de atención psicolóxica, psicopedagóxica e, se for o caso, psiquiátrica ás persoas comprendidas no artigo 4, nos seus números 1 e 2, sen que disto derive automaticamente dereito ningún no ámbito da reparación ou da compensación económica.

Artigo 32. *Axudas para tratamentos médicos e asistencia sanitaria complementaria á dispensada polo Sistema Nacional de Saúde.*

1. As persoas a que se refire o artigo 4 nos seus números 1 e 2 poderán recibir axudas específicas destinadas a financiar tratamentos médicos, próteses e intervencións cirúrxicas, sempre que se demostre a necesidade actual deles, que teñan vinculación co atentado terrorista e que non fosen cubertos quer por un sistema público ou privado de aseguramento, quer polo réxime público de resarcimentos ou axudas ás vítimas de actos terroristas.

2. Serán igualmente resarcibles os gastos por tratamentos médicos, na contía non cuberta por calquera sistema de previsión a que estas persoas estiveren acollidas.

3. Estas axudas son complementarias e adicionais ás que se determinan na presente lei.

Serán incompatibles coas que estableza, polos mesmos conceptos, o sistema público sanitario, e non poderán ser indemnizadas cando a prestación en cuestión sexa cuberta por aquel.

CAPÍTULO SEGUNDO

Dereitos laborais e de seguridade socialArtigo 33. *Dereitos laborais.*

As vítimas do terrorismo a que se refire o artigo 4, número 1, terán dereito, nos termos previstos no Estatuto dos traballadores, á reordenación do seu tempo de traballo e á mobilidade xeográfica.

Artigo 34. *Das políticas activas de emprego.*

As administracións públicas competentes establecerán unha liña específica para incluír as persoas a que se refire o artigo 4, nos seus números 1 e 2, no marco das políticas activas de emprego, en condicións que sexan compatibles coa súa situación física e psíquica.

Artigo 35. *Dereitos dos funcionarios e do persoal laboral ao servizo das administracións públicas.*

1. As persoas a que se refire o artigo 4, no seu número 1, que tiveren a condición de funcionarios públicos terán dereito á redución ou á reordenación do seu tempo de traballo e á mobilidade xeográfica de centro de traballo, nos termos que se determinen na súa lexislación específica.

2. No caso de que se exerza o dereito á mobilidade xeográfica previsto no número anterior, os cónxuxes ou persoas vinculadas por análoga relación de afectividade con aqueles terán dereito preferente a ocupar un posto de traballo igual ou similar ao que veñan desempeñando, se houber praza vacante na mesma localidade.

3. Estes dereitos, na medida en que resulte compatible co seu propio réxime xurídico, serán aplicables, igualmente e nos termos que estableza a súa lexislación específica, ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas.

CAPÍTULO TERCEIRO

Axudas extraordinarias ás vítimas do terrorismoArtigo 36. *Axudas extraordinarias ás vítimas do terrorismo.*

Sen prexuízo dos resarcimentos e axudas de carácter ordinario, o Ministerio do Interior poderá conceder axudas extraordinarias para paliar situacións de necesidade persoal ou familiar plena ou insuficientemente cubertas. Estas axudas son compatibles coas axudas ordinarias previstas nesta lei.

CAPÍTULO CUARTO

Actuacións en materia de vivendaArtigo 37. *Tratamento específico en materia de vivenda pública.*

1. As administracións públicas procurarán que as persoas incluídas no artigo 4 desta lei teñan unha consideración preferente na adxudicación de vivendas de protección pública, especialmente, cando as secuelas do acto terrorista obriguen ao cambio daquela en que vivían.

2. As administracións públicas velarán polo establecemento dun réxime preferente para que tamén poidan ocupar vivendas de aluguer cando sexan xestionadas mediante sistemas ou organizacións públicas.

3. As administracións públicas establecerán axudas para a adaptación das vivendas daquelas vítimas que o requiran debido ás secuelas de actos terroristas.

CAPÍTULO QUINTO

Axudas educativas

Artigo 38. *Exención de taxas académicas.*

As administracións públicas competentes e, se for o caso, as autoridades educativas adoptarán, nos distintos niveis educativos, as medidas necesarias para asegurar a exención de todo tipo de taxas académicas nos centros oficiais de estudos ás vítimas de actos terroristas definidas no artigo 4, número 1, da presente lei, así como aos fillos daqueles que sufriron danos físicos e/ou psíquicos a consecuencia da actividade terrorista.

Artigo 39. *Concesión de axudas ao estudo.*

1. Concederanse axudas de estudo cando, como consecuencia dun acto terrorista, deriven para o estudante, para o seu viúvo ou viúva, parella de feito ou fillos do falecido, ou para os seus pais, irmáns, titores ou gardadores, danos persoais que os incapaciten para o exercicio da súa profesión habitual.

2. As normas de desenvolvemento da presente disposición determinarán as modalidades das axudas, as súas contías e as condicións para a súa percepción, e establecerán, en todo caso, a súa incompatibilidade coas percibidas, polo mesmo concepto, doutras administracións públicas.

Artigo 40. *Réxime específico de asistencia ás vítimas no sistema educativo.*

1. As administracións públicas con competencia en materia educativa poderán establecer un sistema de atención específica ás vítimas do terrorismo a que se refire o artigo 4 desta lei, nos seus números 1 e 2, mediante a designación de titores ou outros sistemas que permitan a atención individualizada e faciliten a continuación dos estudos que estaban realizando ou que puideren realizar.

2. Así mesmo, as citadas autoridades, en colaboración cos directores e responsables dos centros docentes, procurarán, se for preciso, adaptar o réxime docente ás súas condicións físico-psíquicas.

CAPÍTULO SEXTO

Dereitos específicos dos estranxeiros vítimas do terrorismo

Artigo 41. *Concesión da nacionalidade.*

A condición de vítima do terrorismo a que se refire o artigo 4.1 desta lei considerarase como circunstancia excepcional para os efectos da adquisición da nacionalidade española por carta de natureza.

CAPÍTULO SÉTIMO

Dereitos dos afectados no tratamento das informacións correspondentes ás vítimas do terrorismo

Artigo 42. *Da protección de datos e das limitacións á publicidade.*

Nas actuacións e procedementos relacionados co terrorismo protexeráse a intimidade das vítimas, en especial, os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera outra persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.

Artigo 43. *Publicidade ilícita.*

De acordo co establecido na lexislación específica na materia, considerarase ilícita a publicidade que utilice a imaxe das vítimas con carácter desprezativo, vexatorio ou sensacionalista ou con ánimo lucrativo.

Artigo 44. *Vixilancia e control.*

As institucións ás cales corresponda velar para que os medios audiovisuais cumpran as súas obrigas adoptarán as medidas que procedan para asegurar un tratamento das vítimas do terrorismo conforme cos principios e valores constitucionais, sen prexuízo das posibles actuacións que poidan adoptar outras entidades.

Artigo 45. *Accións de cesación e rectificación.*

As persoas citadas no artigo 4 desta lei estarán lexitimadas para exercer en ante os tribunais as accións de cesación e rectificación de publicidade ilícita por utilizar en forma vexatoria a imaxe das vítimas do terrorismo, nos termos que se sinalen na lexislación específica.

Artigo 46. *Principios aplicables á información sobre as vítimas do terrorismo.*

1. Os medios de comunicación fomentarán a protección e salvagarda da imaxe das vítimas do terrorismo e evitarán calquera utilización inadecuada e desproporcionada dela.
2. A difusión de informacións relativas ás vítimas do terrorismo terá en conta o respecto aos dereitos humanos e a liberdade e dignidade delas e das súas familias. En particular, terase especial coidado no tratamento gráfico das informacións.

Artigo 47. *Medios de comunicación.*

1. A fin de dar cumprimento ao indicado no artigo anterior, as administracións públicas promoverán acordos de autorregulación dotados de mecanismos de control preventivo e de resolución extraxudicial de controversias eficaces que contribúan ao cumprimento da lexislación publicitaria.
2. Para conseguir a mellor realización dos fins indicados neste artigo e nos precedentes, as administracións públicas competentes poderán promover campañas de sensibilización e formación continuada dos profesionais da información.

TÍTULO QUINTO

Protección das vítimas nos procesos xudiciais

CAPÍTULO ÚNICO

Principios reitores e dereitos da vítima de terrorismo ante os tribunais españois

Artigo 48. *Dereito á asistencia xurídica gratuíta.*

1. As vítimas do terrorismo a que se refire o artigo 4, nos seus números 1 e 2, que acrediten insuficiencia de recursos para litigar, nos termos establecidos na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, teñen dereito á representación e defensa gratuítas con avogado e procurador en todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na situación que provoca a citada condición. Nestes supostos, unha mesma dirección letrada asumirá a defensa da vítima.

Este dereito asistirá tamén as persoas a que se refire o artigo 4 en caso de falecemento da vítima.

2. En todo caso, garantirase a asistencia xurídica gratuíta de forma inmediata a todas as vítimas do terrorismo que o soliciten, sen prexuízo de que, se non se lles

recoñecer con posterioridade o citado dereito, deberán aboar ao avogado e ao procurador, se for o caso, os honorarios ocasionados pola súa intervención.

Artigo 49. *Mínima lesividade na participación no proceso.*

Os tribunais velarán por que toda declaración ou intervención dalgunha das persoas previstas no artigo 4 da presente lei, nos seus números 1 e 2, se realice de forma que lles supoña as mínimas incomodidades e prexuízos. En particular, procurarase por todos os medios previstos nas leis que estas persoas, nas súas actuacións procesuais, non teñan relación directa visual ou sonora cos imputados ou acusados pola comisión de accións terroristas.

En todo caso, os xuíces e tribunais velarán e protexerán a dignidade e a seguranza persoal das vítimas na tramitación do proceso e evitarán a utilización de signos e inscricións que poidan ofendelas ou denigralas.

Artigo 50. *Información especializada.*

1. As administracións públicas con competencia en materia de medios materiais sobre a xustiza, en colaboración cos órganos de goberno do Poder Xudicial, establecerán os mecanismos de información personalizada que permitan ás persoas sinaladas no artigo 4 da presente lei coñecer o estado dos procedementos en que son parte e, se for o caso, das accións xudiciais que poden iniciar en defensa dos seus dereitos.

Especificamente, o Ministerio de Xustiza establecerá unha Oficina de Información e Asistencia ás Vítimas do Terrorismo na Audiencia Nacional.

2. Os citados mecanismos de información poden consistir na creación de oficinas específicas, na presentación telemática de informacións e en calquera outro que permita obter a información que desexen e que minore a dificultade de obtela.

3. As persoas que presten a citada información e atención deberán ter a cualificación suficiente para evitar a duplicidade de trámites e as comparecencias innecesarias ante os correspondentes órganos xurisdiccionais.

Artigo 51. *Oficina de Información e Asistencia ás Vítimas do Terrorismo.*

Entre as funcións da Oficina de Información e Asistencia ás Vítimas do Terrorismo da Audiencia Nacional encóntranse:

- Facilitar información sobre o estado dos procedementos que afecten as vítimas do terrorismo.
- Asesorar as vítimas do terrorismo en todo o relacionado cos procesos penais e contencioso-administrativos que as afecten.
- Ofrecer acompañamento persoal aos xuízos que se celebren en relación cos actos terroristas de que traian causa os afectados.
- Promover a salvagarda da seguranza e intimidade das vítimas na súa participación nos procesos xudiciais, para protexelas de inxerencias ilexítimas ou actos de intimidación e represalia e calquera outro acto de ofensa e denigración.
- Establecer vías de información á vítima acerca de todo o relacionado coa execución penitenciaria, até o momento do cumprimento íntegro das penas, particularmente, nos supostos que supoñan concesión de beneficios ou excarceración dos penados.

TÍTULO SEXTO

Recoñecementos e condecoracións

Artigo 52. *Condecoracións.*

1. A Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo configura a acción honorífica específica do Estado co fin de honrar as vítimas do terrorismo.

2. Esta acción honorífica outórgase, co grao de Gran Cruz, a título póstumo, aos falecidos en actos terroristas, e, co grao de Encomenda, aos feridos e secuestrados en actos terroristas.

3. O procedemento para o seu recoñecemento é o previsto no artigo 54 desta lei.

Artigo 53. Requisitos para a concesión das condecoracións.

1. As vítimas do terrorismo a que se refire o artigo 4, números 1 e 2 desta lei, poderán solicitar a concesión das condecoracións indicadas. Tamén poderán solicitálas as persoas a que se refire o artigo 5 e aquelas outras que fosen obxecto dun atentado terrorista do cal non derivasen danos, lesións ou secuelas.

Con independencia do anterior, o Ministerio da Presidencia poderá, de oficio e logo de consulta cos destinatarios, iniciar o expediente de recoñecemento cando teña coñecemento dos feitos que poden provocar o seu recoñecemento.

2. As condecoracións en ningún caso poderán ser concedidas aos que, na súa traxectoria persoal ou profesional, mostrasen comportamentos contrarios aos valores representados na Constitución e na presente lei e aos dereitos humanos recoñecidos nos tratados internacionais.

Artigo 54. Procedemento para a concesión de condecoracións.

1. Corresponderá ao Ministerio da Presidencia a tramitación dos procedementos de concesión das condecoracións. Tales expedientes poderán ser iniciados por instancia dalgunha das persoas a que se refire o artigo 4 desta lei, nos seus números 1 e 2; ás persoas que sufrisen o delito aínda que non estean comprendidas dentro das indicadas nos números anteriores; ou ben de oficio, logo de consulta cos destinatarios, polo propio Ministerio, cando teña coñecemento de situacións que poidan dar lugar ao recoñecemento do dereito.

Cando a proposta de condecoración sexa a de Gran Cruz, a súa resolución producirase mediante real decreto aprobado en Consello de Ministros por proposta do Ministerio da Presidencia.

Cando a proposta de concesión o sexa no grao de Encomenda, a resolución corresponde ao ministro da Presidencia e será ditada en nome de S.M. El Rei.

2. O prazo para a solicitude ou para a iniciación de oficio será de cinco anos.

3. O prazo máximo para notificar a resolución das solicitudes será de doce meses desde a data de entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Naqueles procedementos en que non se dite resolución dentro do prazo sinalado, as solicitudes entenderanse aceptadas.

4. A resolución de aceptación ou rexeitamento porá fin á vía administrativa e pódese interpor contra ela recurso contencioso-administrativo.

5. A concesión dunha condecoración non comportará por si mesma dereito ás indemnizacións previstas nesta lei.

Artigo 55. Recoñecemento da condición de vítima do terrorismo na actividade honorífica do Estado.

Con independencia do anterior, a condición de vítima do terrorismo será especialmente avaliable para a concesión das condecoracións e recompensas que puideren corresponderlles conforme a súa profesión, ocupación ou lugar de residencia.

Artigo 56. Recoñecemento e memoria das vítimas do terrorismo.

Os poderes públicos impulsarán medidas activas para asegurar, dentro do máximo respecto e dignificación das vítimas, e mediante actos, símbolos, monumentos ou elementos análogos, a lembranza e o recoñecemento das vítimas do terrorismo.

Artigo 57. *Centro Nacional para a Memoria das Vítimas do Terrorismo.*

O Goberno constituirá un Centro Nacional para a Memoria das Vítimas do Terrorismo, que terá como obxectivo preservar e difundir os valores democráticos e éticos que encarnan as vítimas do terrorismo, construír a memoria colectiva das vítimas e concienciar o conxunto da poboación para a defensa da liberdade e dos dereitos humanos e contra o terrorismo. O Centro Nacional para a Memoria da Vítimas do Terrorismo terá a súa sede na Comunidade Autónoma do País Vasco.

Artigo 58. *Recoñecemento institucional da presenza das vítimas.*

Velarase por destacar a presenza protocolaria e o recoñecemento social das vítimas do terrorismo en todos os actos institucionais que as afecten.

Artigo 59. *Educación para a defensa da liberdade, a democracia e a paz.*

As administracións educativas, co obxecto de garantiren o respecto dos dereitos humanos e a defensa da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, impulsarán plans e proxectos de educación para a liberdade, a democracia e a paz, nos cales se procurará a presenza do testemuño directo das vítimas do terrorismo.

Artigo 60. *Día de lembranza e homenaxe ás vítimas do terrorismo.*

Declárase o día 27 de xuño de cada ano como Día de Lembranza e Homenaxe ás Vítimas do Terrorismo.

O día 11 de marzo de cada ano conmemorase o Día Europeo das Vítimas do Terrorismo.

As institucións públicas, nesas datas, impulsarán actos de recoñecemento ás vítimas do terrorismo co obxecto de manter a súa memoria e reivindicar a súa mensaxe ética.

TÍTULO SÉTIMO

Tutela institucional e apoio ás vítimas do terrorismo

CAPÍTULO PRIMEIRO

Tutela institucional

Artigo 61. *Defensa da honra e a dignidade das vítimas.*

1. O Estado asume a defensa da dignidade das vítimas, establecendo a prohibición de exhibir publicamente monumentos, escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas ou de exaltación ou enaltecedemento individual ou colectivo do terrorismo, dos terroristas ou das organizacións terroristas.

2. As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, adoptarán as medidas necesarias para dar cumprimento a esta prohibición, todo isto sen prexuízo das actuacións que as vítimas e os seus familiares poidan levar a cabo en defensa do seu dereito á honra e á dignidade.

3. Así mesmo, previrán e evitarán a realización de actos efectuados en público que entrañen descrédito, menosprezo ou humillación das vítimas ou dos seus familiares, exaltación do terrorismo, homenaxe ou concesión pública de distincións aos terroristas.

4. Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas velarán polo cumprimento da obriga establecida nos números anteriores, por parte das corporacións locais, para os efectos da súa reclamación de oficio perante os tribunais de xustiza competentes.

Artigo 62. *Tutela institucional ás vítimas do terrorismo.*

1. O Ministerio do Interior designará un órgano da Administración xeral do Estado que terá por finalidade ser un instrumento de relación, axuda e orientación ás persoas e familiares que sufran a acción do terrorismo.

2. Así mesmo, este órgano actuará na formulación de propostas de reformas normativas ou organizativas que optimicen o réxime de asistencia e prestacións establecido ou que se poida establecer para favorecer a súa situación.

Artigo 63. *Informes sobre a situación das vítimas do terrorismo.*

1. O Ministerio do Interior, no exercicio das súas funcións de asesoramento, avaliación e colaboración institucional, elaborará informes e realizará estudos, así como propostas de actuación en materia de asistencia ás vítimas do terrorismo.

2. Tales informes sobre a situación das vítimas do terrorismo destacarán, así mesmo, as necesidades de reforma legal co obxecto de garantir que a aplicación das medidas de protección adoptadas poidan asegurar o máximo nivel de tutela para as vítimas do terrorismo. Anualmente o Ministerio do Interior remitirá ao Parlamento un informe sobre a situación do colectivo de vítimas do terrorismo e, se for o caso, propostas de actuación.

3. Para a elaboración destes estudos e informes procurárase, en todo caso, a participación das comunidades autónomas, as entidades locais, os axentes sociais e as asociacións de vítimas.

CAPÍTULO SEGUNDO

Fomento do movemento asociativo e fundacional

Artigo 64. *Recoñecemento do papel e a relevancia do movemento asociativo.*

1. As asociacións e fundacións de vítimas do terrorismo contribúen a fomentar a unión entre as vítimas, a defensa dos seus intereses e a mellora da súa condición e promoven a concienciación social contra o terrorismo e a preservación da memoria. Por este motivo, a súa actuación goza do recoñecemento social que permite ás administracións públicas fomentar a súa creación e o seu mantemento.

2. As asociacións e fundacións de vítimas do terrorismo son recoñecidas pola presente lei como representantes delas.

Artigo 65. *Actividade subvencional.*

A Administración xeral do Estado deberá, nos termos e condicións que se determinen nas normas de desenvolvemento, conceder subvencións ás asociacións cuxo obxecto sexa a representación e defensa dos intereses das vítimas do terrorismo. No establecemento deste réxime subvencional daráselles prioridade a aquelas asociacións que contén con maior número de vítimas, para cuxo fin se establecerá un procedemento para que, co consentimento dos interesados, esta condición se poida facer pública ao órgano competente para conceder as subvencións, así como o labor asistencial a favor das vítimas do terrorismo realizado polas organizacións.

ANEXO I

Indemnizacións por danos físicos e psicofísicos. Baremos

Táboa I. *Indemnizacións por falecemento e incapacidades permanentes*

Concepto	Euros
Falecemento	250.000,00
Grande invalidez.	500.000,00
Incapacidade permanente absoluta	180.000,00
Incapacidade permanente total	100.000,00
Incapacidade permanente parcial	75.000,00

Táboa II. *Indemnizacións por lesións permanentes non invalidantes*

As indemnizacións por lesións permanentes non invalidantes estableceranse conforme o disposto no Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor e conforme o baremo resultante da aplicación da lexislación de seguranza social sobre contías das indemnizacións das lesións, mutilacións e deformacións definitivas e non invalidantes, causadas por accidente de traballo ou enfermidade profesional.

Táboa III. *Indemnizacións por incapacidade temporal e por secuestro*

Concepto	Indemnizacións
Incapacidade temporal	IPREM/día × 2, até o límite de 18 mensualidades.
Secuestro	IPREM/día × 3, até o límite do establecido neste anexo para a incapacidade permanente parcial.

Disposición adicional primeira. *Aplicación retroactiva aos que xa obtivesen axudas e indemnizacións.*

Os que con anterioridade á entrada en vigor da lei percibisen como resultado total do importe das axudas e do pagamento, se for o caso, das contías por responsabilidade civil fixada en sentenza firme, unha contía inferior á sinalada no anexo I desta lei poderán solicitar no prazo dun ano, contado a partir da entrada en vigor do Regulamento da lei, o aboamento das diferenzas que lles puideren corresponder.

Disposición adicional segunda. *Comisión de Análise do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.*

1. No seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde constituirase, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, unha Comisión de Análise do Tratamento das Vítimas do Terrorismo que apoie tecnicamente e oriente a planificación das medidas sanitarias establecidas nesta lei, avalíe e propoña as necesarias para a aplicación do protocolo sanitario e calquera outra medida que se considere precisa para que o sector sanitario contribúa á atención especializada neste ámbito.

2. A Comisión de Tratamento das Vítimas do Terrorismo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde estará composta por representantes das comunidades autónomas.

3. A Comisión emitirá un informe anual que será remitido ao Pleno do Consello Interterritorial.

Disposición adicional terceira. *Plan de Emprego.*

1. No marco do Plan de Emprego do Reino de España, incluírase un programa de acción específico para as persoas previstas no artigo 4, número 1, desta lei e que consten inscritas como demandantes de emprego.

2. Este programa incluírá medidas para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia.

Disposición adicional cuarta. *Medidas de emprego público.*

As administracións públicas adoptarán, no ámbito das súas competencias, medidas conducentes a favorecer o acceso das vítimas de terrorismo ao emprego público.

Disposición adicional quinta. *Competencias autonómicas.*

Todo o establecido na presente lei se entenderá sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas na materia.

Disposición adicional sexta. *Carta Europea de Dereitos das Vítimas do Terrorismo.*

O Goberno apoiará e impulsará a aprobación da Carta Europea de Dereitos das Vítimas do Terrorismo, redactada en colaboración con todas as asociacións de vítimas do terrorismo do ámbito europeo.

Disposición adicional sétima. *Actualización das indemnizacións por danos físicos e psicofísicos.*

As axudas e indemnizacións reguladas nesta lei serán obxecto de actualización periódica conforme as previsións contidas nas leis anuais de orzamentos xerais de Estado.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno, no prazo de 6 meses a partir da entrada en vigor desta lei, por proposta conxunta dos ministerios de Xustiza, Economía e Facenda, do Interior e de Traballo e Inmigración, desenvolverá regulamentariamente o disposto nela.

2. No prazo de un ano, a Administración xeral do Estado establecerá os criterios esenciais para a elaboración dos protocolos de actuación para situacións derivadas dun atentado terrorista. Igualmente, no mesmo prazo, impulsará e coordinará a elaboración, execución e difusión deses protocolos de actuación por parte do conxunto de administracións públicas competentes na materia.

Disposición derradeira segunda. *Consideración das asociacións de vítimas como asociacións de utilidade pública.*

Modifícase o artigo 32.1.a) da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que queda redactado nos seguintes termos:

«a) Que os seus fins estatutarios tendan a promover o interese xeral, nos termos definidos polo artigo 31.3 desta lei, e sexan de carácter cívico, educativo, científico, cultural, deportivo, sanitario, de promoción dos valores constitucionais, de promoción dos dereitos humanos, de vítimas do terrorismo, de asistencia social, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción da muller, de promoción e protección da familia, de protección da infancia, de fomento da igualdade de

oportunidades e da tolerancia, de defensa do ambiente, de fomento da economía social ou da investigación, de promoción do voluntariado social, de defensa de consumidores e usuarios, de promoción e atención á persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais, económicas ou culturais, e calquera outro de similar natureza.»

Disposición derradeira terceira. *Consignación económico-orzamentaria da lei.*

1. O Goberno elevará ás Cortes Xerais un proxecto de lei de concesión dun crédito extraordinario para financiar os pagamentos previsibles a partir da entrada en vigor da lei.
2. As necesidades orzamentarias ordinarias consignaranse nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición derradeira cuarta. *Normas supletorias.*

No non previsto nesta lei, serán de aplicación a lexislación sobre resarcimento ás vítimas de delitos de terrorismo ou bandas armadas, as disposicións sobre subvencións e axudas públicas e, se for o caso, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO